



REASIGNACIÓN DE NIVEL

Alumnado de novo acceso:

Ao longo do mes de outubro, as escolas poderán realizar modificacións na adscrición inicial do alumnado de novo acceso que precise unha nova valoración do seu nivel de dominio do idioma, co obxecto de asignarlle praza nun nivel distinto. A dita reasignación realizarase por proposta xustificada do/da profesor/a do grupo, ratificada polo departamento.

Para estes efectos, os departamentos determinarán o nivel que lle corresponde a través dunha proba de clasificación.

Antigo alumnado:

Igualmente, o alumnado que non estivera matriculado polo réxime oficial no curso 2020-21 poderá ser adscrito a calquera dos cursos inferiores ao nivel que xa ten superado. A súa matrícula terá a consideración de matrícula de actualización.

En ambos os casos, a nova adscrición estará suxeita á dispoñibilidade de prazas e non suporá a expedición do certificado do curso de procedencia do alumnado nin dos niveis que xa teña superados. O/a alumno/a deberá aceptar a reasignación de curso, asinando o documento da proposta (anexo VI da Resolución do 17 de xuño de 2021). Esta circunstancia non terá efectos académicos e farase constar no expediente do/da alumno/a.

